



PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO

IES AS LAGOAS

OURENSE

Instituto de Educación Secundaria AS LAGOAS

RÚA BLANCO AMOR 2 32004 OURENSE

Tfno: 988685020

Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesaslagoas/>

Correo: ies.aslagoas@edu.xunta.es

A LOMLOE nos seus artigos 120, puntos 3 e 4 di:

«3. As administracións educativas favorecerán a autonomía dos centros de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan dar resposta e viabilidade aos proxectos educativos e propostas de organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados. Os centros sostidos con fondos públicos deberán render contas dos resultados obtidos.»

«4. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia ou ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de ámbitos, áreas ou materias, nos termos que establezan as administracións educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, supoña discriminación de ningún tipo, nin se impoñan achegas ás familias nin exixencias para as administracións educativas.»

Así mesmo, no artigo 121, puntos 1 e 2 :

«1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo, incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá, así mesmo, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

«2. O dito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características do contorno social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do contorno. O proxecto recollerá, ao menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura, e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora

do dereito á educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade, particularmente de mulleres e homes.»

«2 bis. Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que poidan existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e, se for o caso, nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo a dita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.

As administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación das ditas medidas.»

«2 ter. O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no cal, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se formulen as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o contorno.»

Así pois, o Proxecto Educativo do centro (PEC) é un documento de carácter pedagóxico elaborado pola comunidade educativa que enumera e define as sinais de identidade do centro, formula os obxectivos a acadar e expresa a estrutura organizativa e funcional do centro educativo.

Coas indicacións da lei, entenderemos que a plasmación total escrita do proxecto educativo é a compilación de documentos diversos que recollen, efectivamente, a concreción dos currículos das materias e os criterios e medidas organizativas para atender as distintas vertentes da acción educativa, sen prexuízo da necesidade de sucesivas actualizacións. Así, inclúense no Proxecto Educativo do IES As Lagoas os seguintes documentos aprobados polos órganos do centro:

- Plan de Convivencia
- Plan de Atención á Diversidade
- Plan de Acción Titorial
- Plan Dixital
- Plan Estratéxico de Mellora
- Plan de Igualdade
- Proxecto Lingüístico
- Concreción curricular do centro
- Programación das distintas materias.

En consecuencia, estas páxinas non son na súa totalidade o Proxecto Educativo; o que sinala o título é, por unha parte, a presentación do centro nos seus aspectos físicos, humanos e xenericamente organizativos, completados cada ano na P.X.A; por outra, a exposición dos principios e valores que orientan a súa acción pedagóxica e a oferta educativa.

INDÍCE:

1. IDENTIFICACIÓN	px 6
2. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA SOCIAL E CULTURAL DO CENTRO	px 6
3. ESTRUCTURA DO CENTRO	px 8
4. DESCRIPCIÓN ORGANIZATIVA	px 10
a. Oferta educativa	
b. Profesorado	
c. Persoal non docente	
d. Alumnado	
5. SINAIS DE IDENTIDADE	px 12
a. Principios e fins	
b. Confesionalidade	
c. Lingua de aprendizaxe	
d. Liña metodolóxica	
e. Coeducación	
f. A educación, un proceso integral	
g. Valores éticos, cívicos e democráticos	
h. Modalidade de xestión institucional	

ANEXO I: Itinerarios e optativas

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

- Nome do centro: IES AS LAGOAS
- Enderezo: Rúa Eduardo Blanco Amor nº2
- Código postal: 32004
- Localidade: Ourense
- Provincia: Ourense
- Teléfono: 988 685 020
- email: ies.aslagoas@edu.xunta.gal
- Oferta educativa:
 - ESO
 - Bacharelato nas modalidades de:
 - Ciencia e Teconoloxía
 - Humanidades e Ciencias Sociais
 - Artes (Vía Música e Artes Escénicas)

No anexo I expóñense as materias optativas que se ofrecen nos diferentes cursos.

2. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA SOCIAL E CULTURAL DO CENTRO.

Zonificación e centros adscritos

No esquema deseñado na Xefatura Territorial, no caso das ensinanzas de ESO, están adscritos ao centro os seguintes colexios de primaria: As Mercedes, Curros Enríquez, Manuel Sueiro e Mestre Vide. Por outra parte, a zona de influencia do Instituto (para os efectos de obtención de praza) é a que corresponde á suma das áreas de cada un deses centros, que ten os seguintes límites: polo norte, o río Miño desde a Ponte Nova e zonas periféricas coma Velle; polo sur, a liña que marcan a rúa san Miguel, praza do Ferro e a estrada da Granxa; polo leste, os límites do concello de Ourense desde o Montealegre, e, polo oeste, a rúa do Progreso ata o centro cultural Marcos Valcárcel. En definitiva, o ámbito xeográfico oficial do Instituto esténdese por unha ampla zona que inclúe a maior parte do centro comercial da cidade e a área periférica do este do municipio.

No bacharelato, ao se adscribir tamén o veciño colexio integrado José García de Mende, o Instituto recolle alumnado dos veciños concellos do Pereiro de Aguiar, Nogueira de Ramuín e outros. Caso aparte é a zonificación de Artes, xa que todos os alumnos da provincia que opten por esta modalidade, na vía de Música e Artes Escénicas, teñen como referencia única o noso centro.

Procendencia do alumnado

Á marxe desta planificación oficial, o alumnado do Instituto procede destas zonas e de moitas outras da cidade ou de fóra. Na ESO oscila nun 15% o número de alumnos que veñen de centros non adscritos. No bacharelato case o 50% dos que acceden ao primeiro curso proveñen de fóra do centro, en gran medida dos centros privados. O alumnado inmigrante é cada ano máis numeroso; o curso 2022-2023 están matriculados 40 alumnos e alumnas, o que supón un 2%.

Perfil socioeconómico e cultural

O perfil socioeconómico do alumnado é máis plural e diverso do que aparenta a primeira vista o territorio oficial que se lle asigna ao Centro. As probas de diagnóstico da LOE colocaron no seu momento o Índice Socioeconómico e Cultural (ISEC) do centro nun nivel medio-alto e incluso alto. Máis que os ingresos económicos das familias, significaron unha presenza de intereses e hábitos culturais superior á media de Galicia e revelaron uns niveis de aprendizaxes significativamente superiores nas distintas competencias. Estas comparacións se veñen confirmando todos os anos cos bos resultados das probas de acceso á universidade e a frecuencia de alumnos de excelencia, en relación coas ensinanzas académicas e tamén con outras actividades externas e particulares no campo da música, do deporte, das artes, etc.

As familias.

Nos estudos e enquisas feitos en anos anteriores móstrase as liñas xerais dos obxectivos das familias con respecto aos seus fillos e fillas no ámbito escolar: a perspectiva case absoluta de procuraren unha formación de nivel universitario e, de forma xeral, o alto grao de esixencia que estes sectores demandan da organización do Instituto e da actividade docente.

O centro conta cunha ANPA activa que desenvolve súas propias actividades con autonomía e a colaboración xeral dos órganos do centro.

3. ESTRUCTURA DO CENTRO

O actual IES As Lagoas naceu en 1977 como terceiro centro de bacharelato da cidade e primeiro mixto nos tempos modernos. O vello Insituto do Posío -Otero Pedrayo-, na súa localización actual desde 1892, foi complementado a mediados dos sesenta polo "Masculino" - actual Eduardo Blanco Amor- no barrio da Ponte. O IES As Lagoas, (*Instituto Nacional de Bachillerato Mixto número 1*, por primeiro nome) naceu, pois, nun espazo central e vinculado ao desenvolvemento da cidade neste barrio nos anos sesenta e setenta. Foi crecendo pouco a pouco ata converterse, gracias ao compromiso colectivo, nun dos centros destacados do ensino público en Ourense e un referente para a cidade.

Está situado no barrio do mesmo nome a escasos metros de importantes institucións como a Universidade, concretamente na rúa Blanco Amor, 2, nun edificio central de 7000 m² e un pavillón deportivo de 1167 m², máis dous patios, un con pistas deportivas (4000 m²) e outro cuberto, zonas axardinadas (1000 m²), aparcamento e beirarrúas interiores.

Nos últimos anos, a dirección do centro promoveu o acondicionamento das zonas de lecer nos patios coa construción dunha nova zona cuberta, un aparcadorio para as bicicletas e a colocación de bancos e mesas de exterior.

O ano 2023 conta con seguintes espazos:

- Aulas ordinarias e desdobres:
 - 32 aulas de **ordinarias** (asignadas a cada un dos grupos) máis 2 para o alumnado de apoio, 8 para desdobrementos, 1 de garda ou espera para alumnos fóra de aulas e 1 aula de convivencia.
- As aulas **específicas** asociadas a determinadas materias ou usos específicos volven ser as mesmas que había antes da pandemia:
 - 4 de informática (incluíndo a destinada a grupos pequenos, con cinco ordenadores)
 - 2 de música
 - 2 de tecnoloxía

- 2 de debuxo
- 1 multiusos de grande dimensión segue sendo aula ordinaria,
- 1 laboratorio de física, 1 de química, 1 de ciencias naturais, 1 de xeoloxía
- 1 aula de artes escénicas
- 1 aula de Polos Creativos

Outros espazos:

Unha **biblioteca** con equipamento informático e audiovisual; un **ximnasio** ou pavillón deportivo con tres almacéns anexos e dous pares de vestiarios e baños, en conexión coas zonas cubertas e descubertas do patio exterior.

O **salón de actos** séguese a usar como desdobre para algunhas optativas e para xuntas moi numerosas.

A **sala de xuntas** converteuse tamén en aula ordinaria.

Tres salas de recepción de pais.

Recuperadas para o seu uso habitual despois da pandemia do curso 2019-2020: 1 sala de profesores, 1 despacho de conserxería, 13 despachos para os 18 departamentos de coordinación didáctica –agrupados algúns dos unipersoais con outros pouco numerosos- e outro para o departamento de orientación, 1 espazo amplo de oficinas administrativas e cadanseu despacho para a xefatura de estudos, secretaría, vicedirección e dirección; 1 local de arquivo, 18 baños repartidos polo centro, máis 1 novo para persoas con problemas de mobilidade, e 1 espazo de **cafetería**, á parte de outros cuartos reservados para almacén, caldeiras de calefacción, electricidade, redes informáticas, etc.

No ano 2022 desenvolvéronse no centro obras de rehabilitación integral, enfocadas principalmente na eficiencia e aforro enerxético.

DESCRIPCIÓN ORGANIZATIVA

3.1. OFERTA EDUCATIVA:

- **ESO** (1º, 2º, 3º, 4º)
- **Bacharelato** (1º e 2º) nas modalidades de Artes (na vía de Música e Artes Escénicas), Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais.
- Dous grupos, de 1º e 2º ano, de **FP Básica** de Servizos Comerciais que reciben as ensinanzas dos módulos comúns, non asociados ás unidades de competencia, que se imparten no CIFP Portovello, centro de referencia.
- Desde o curso 2019-2020 desenvólvese no centro o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, o **STEMbach**.
- O IES As Lagoas participa en varios programas de innovación e proxectos do centro que aparecen na PXA cada ano: varias modalidades de contratos-programa (RECUPERA-T, INCLÚE-T E INNOVA), EduExchanges, PLAMBE, ERASMUS+, programa CUALE, seccións bilingües, Plan Proxecta e Polos Creativos.
- Así mesmo, o centro organiza un variado calendario de actividades extraescolares e complementarias enfocadas á adquisición das competencias establecidas pola lei.

3.2. PROFESORADO

O número de profesorado varía cos anos pero soe roldar os 70-75 profesores e profesoras; o curso 2022-2023 o número de profesorado foi de 74 (2 cunha media xornada) , incluíndo unha profesora completa de AL, máis outra media xornada para desenvolver o PROA +, o que significa un profesor menos con respecto ao ano pasado.

Presentes no centro:

- 58 teñen destino definitivo, dos cales (catedráticos, P.E.S, mestres e 2 profesores de Relixión e) e 16 provisionais.

3.3. PERSOAL NON DOCENTE

- Persoal de administración e servizos: 10
 - 3 bedeis
 - 2 membros de persoal administrativo
 - 5 membros do persoal de limpeza

Outro persoal: 1 coidadora

3.4. ALUMNADO

No curso 2022-2023 no IES As Lagoas cursan estudos 738 alumnos e alumnas distribuídos en 32 grupos:

- ESO (5+5+4+4) = 18
- Bacharelato (6+6) = 12
- FP Básica, 1º e 2º = 2

O número de alumnos e alumnas matriculados ata o 14 de outubro son:

Alumnado. Curso 2022-2023			
	Homes	Mulleres	Total
1º ESO	54	65	119
2º ESO	62	56	118
3º ESO	41	63	104
4º ESO	28	59	87
1º BAC	55	97	152
2º BAC	58	76	134
FPB 1º	6	8	14
FPB 2º	6	4	10
Total alumnado	310	428	738

O número de alumnado de procedencia estranxeira no curso 22-23 é de 40.

O centro conta con seccións bilingües en Música e Filosofía e desde o curso 2019-2020 co SETEMBach.

Os datos específicos e detallados sobre a organización de cada curso recóllese cada ano na Programación Xeral Anual.

4. SINAIS DE IDENTIDADE: PRINCIPIOS, FINS E VALORES

5.1. Principios e fins

O IES As Lagoas declárase defensor do modelo de Escola Pública e de Calidade que garanta os dereitos constitucionais e parte dos seguintes principios de actuación:

1. Unha escola con **autonomía** no marco das competencias.
2. Unha escola **equitativa e inclusiva** que garante a igualdade de oportunidades.

3. Unha escola que cumpra efectivamente os **dereitos da infancia e adolescencia**.
4. Unha escola que fomente a **prevención de conflitos e a súa resolución pacífica**.
5. Unha escola de **calidade** para todo o alumnado.
6. Unha escola **flexible** ante os cambios do alumnado e da sociedade
7. Unha escola **non dependente de intereses privados**.
8. Unha escola **xestionada participativa e democráticamente**.
9. Unha escola **aconfesional**.
10. Unha escola que valore o **esfuerzo persoal e compartido**.
11. Unha escola que garante a **orientación educativa e profesional**.
12. Unha escola **defensora da función docente** como factor esencial na calidade da educación, que respecte a liberdade de cátedra, entendendo por tal o dereito dos ensinantes a expoñer, sen adoutramento, proselitismo ou sectarismo, o seu enfoque persoal no labor docente, dentro do respecto ás normas establecidas e ás opinións discrepantes.
13. Unha escola que se relacione co seu entorno e promova valores como a **igualdade social, a solidariedade e o compromiso co medioambiente**, que non discrimine nin segregue e respecte o medio e as persoas que nos rodean.
14. Unha escola que recoñeza o **papel das familias**, país, nais e/ou titores legais e fomente a participación e a cooperación entre os membros da comunidade.
15. Unha escola que fomente a colaboración e participación de **distintas administracións**.
16. Unha escola na que as relacións entre os diversos compoñentes estean presididas por un **enfoque humanístico, nas que o diálogo, a tolerancia e a disciplina** sexan as máximas de actuación.

No centro propóñense como metas a acadar, os seguintes **fins**:

1. Terá como obxectivos senlleiros a educación na liberdade e no pluralismo, a igualdade, a tolerancia e o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais dos pobos e dos individuos, as súas culturas e linguas.
2. Desenvolverá o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades de todo o alumnado.

3. Fomentará a adquisición de hábitos intelectuais e coñecementos, e o desenvolvemento das capacidades individuais para favorecer o progreso persoal e futuro profesional.
4. Fomentará a saúde, física e emocional, da comunidade.
5. Fomentará o seu espírito crítico e a súa autonomía ofrecéndolle unha formación útil para a súa incorporación e participación activa e madura á sociedade.
6. Fomentará a responsabilidade individual, o mérito e o esforzo persoal coa adquisición de hábitos de traballo e coñecementos en todos os ámbitos.
7. Fomentará a adquisición de valores no respecto cara aos seres vivos, os dereitos dos animais e o medio ambiente.
8. Fomentará a mobilidade segura, sostible, autónoma e saudable.
9. Estimulará a competencia persoal e a colaboración mutua, fronte á competitividade.
10. Transmitirá coñecementos para tentar conseguir que o alumnado teña unha actitude aberta e receptiva aos cambios que o progreso e a técnica nos achegan.
11. Fomentará a capacitación para o exercicio de actividades solidarias de coidados e colaboración social.
12. Desenvolverá a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital.

5.2. Confesionalidade.

O centro declárase aconfesional como institución. Será respectuoso coas crenzas individuais dos seus membros que non vaian en contra dos principios básicos do ensino e da convivencia propia dunha sociedade democrática.

5.3. Lingua de aprendizaxe.

O Instituto manifesta o seu compromiso de non discriminación por razóns lingüísticas.

Sométese, ademais, expresamente ao lexislado para o uso das dúas linguas oficiais.

Consciente do distinto grao de uso do castelán e do galego, promoverá a normalización deste último, entendendo que tal feito implica unha maior riqueza cultural e máis posibilidades de achegamento á sociedade na que vivimos.

5.4. Liña metodolóxica.

O centro impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa e responsable e avoga por propostas metodolóxicas que teñan en conta os seguintes principios:

- A participación activa dos alumnos e alumnas na súa propia formación e na regulación do seu propio aprendizaxe.
- A atención plena á diversidade das capacidades e personalidades do alumnado.
- O estímulo das capacidades de crítica, autocrítica e autonomía persoal.
- O estímulo da capacidade creativa dos alumnos para a expresión dos propios coñecementos e sensibilidades nas distintas linguaxes en que se forman (lingüística, literaria, musical, corporal, etc.)
- O estímulo pola investigación, experimentación e innovación educativa co fomento de proxectos de innovación educativa e plans de mellora.
- O tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.
- A transversalidade e educación integral, que estenda á formación máis alá das aprendizaxes académicas (hábitos saudables, deporte, respecto pola natureza...).

- A funcionalidade, no senso da transmisión de coñecementos, habilidades e valores que sirvan para a formación global dos alumnos e a súa incorporación á sociedade.
- A avaliación sistemática de todos os procesos educativos.

5.5. Coeducación.

O centro reconece que, na sociedade actual, aínda está por acadar totalmente a igualdade efectiva entre os sexos e márcase como meta a eliminación de todos os comportamentos e manifestacións de carácter sexista. Favorecerá as condicións materiais axeitadas para mellorar a convivencia entre os distintos sexos. Revisará o contido das distintas materias á luz dunha maior igualdade e solidariedade entre sexos.

5.6. A educación, un proceso integral.

O IES As Lagoas ofrecerá ao seu alumnado unha formación que, ademais de suficiente no plano dos coñecementos, lles permita formarse como persoas capaces de desenvolverse por si mesmas, de acordo con valores éticos e morais.

O centro declara como principios os seguintes:

- A apertura do centro ao seu contorno e á sociedade.
- A gran importancia das actividades complementarias e extraescolares na formación das persoas.
- O respecto e coidado do contorno (persoas, centro, barrio, cidade,...)

O centro potenciará as devanditas actividades e colaborará coas diversas institucións do barrio, provinciais e autonómicas en asuntos relacionados coa educación.

5.7. Valores éticos, cívicos e democráticos.

É prioritario para o centro a educación en valores e impulsará e promoverá valores esenciais recoñecidos nas sociedades democráticas:

- O **respecto** nas súas múltiples variantes: as persoas, ao entorno, aos recursos, á capacidade que todas as persoas teñen de manter e manifestar os seus puntos de vista individuais e as normas recollidas nos nosos documentos.

- A **igualdade** de grupos e sexos e o respecto pola identidade cultural e lingüística.
- A **non violencia** cara ás persoas e as contornas.
- A **tolerancia** e o diálogo como vías imprescindibles para unha convivencia satisfactoria.
- A **solidaridade** que evite situacións discriminatorias, favorendo a cooperación, a aprendizaxe cooperativa e a convivencia.
- O **comportamento democrático** como norma de conduta para todos os seus compoñentes.
- O **debate** entre posturas diferentes como instrumento de coñecemento da realidade e como medio para a toma responsable de decisións e a chegada a acordos.
- A **cultura da paz e a armonía** entre culturas, comunidades e territorios.
- A **autoestima e a creatividade** para afrontar os retos do futuro.
- O **desfrute e gozo** por aprender.

5.8. Modalidade de xestión institucional

O Instituto, en todos os aspectos de xestión (económica, actividades, docente,...), participará dos principios enumerados para o funcionamento do centro, e establece como obxectivos:

- Manter unha **xestión democrática** do centro.
- Promover a **participación** de todos os estamentos do centro.
- Distribuír axeitadamente as funcións entre todos os estamentos e órganos de goberno.
- Mellorar a **comunicación** entre os compoñentes do Instituto e a comunicación externa cara as familias dos alumnos e o contorno.
- Fomentar o interese polo bo funcionamento do centro.

Este documento foi aprobado polo Claustro e o Consello Escolar o 29 de xuño de 2023

ANEXO I: Itinerarios e optativas

CURSO 2023-2024

1º ESO (LOMLOE)		
Bioloxía e Xeoloxía		
Educación Física		
Educación Plástica, Vis. e Aud.		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Tecnoloxía e Dixitalización		
Xeografía e Historia		
Elixir 1	1ª Ling: Alemán	
	1ª Ling: Francés	
	1ª Ling: Inglés	
Elixir 1	Relixión C.	
	Proxecto Comp.	
Elixir 1 <i>Distinta da 1ª lingua</i>	2ª Ling: Alemán	
	2ª Ling: Francés	
	2ª Ling: Portugués	
	2ª Ling: Inglés	

2º ESO (LOMLOE)		
1ª Lingua: Inglés		
Educación Física		
Física e Química		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Tecnoloxía e Dixitalización		
Xeografía e Historia		
Música		
Música (Bilingüe)		
Elixir 1 (1)	2ª Ling: Alemán	
	2ª Ling: Francés	
Elixir 1	Relixión C.	
	Proxecto Comp.	
(1) <i>Elixir a mesma que en 1º</i>		

3º ESO (LOMLOE)		
1ª Lingua: Inglés		
Bioloxía e Xeoloxía		
Educación Física		
Educación Plástica, Vis. e Aud.		
Física e Química		
Lingua Castelá e Literatura		
Lingua Galega e Literatura		
Matemáticas		
Xeografía e Historia		
Elixir 1	Ed. Valores Civ. e Étíc.	
	Ed. Valores C. e E. (Bil)	
Elixir 1	Música	
	Música (Bilingüe)	
Elixir 1	Relixión C.	
	Proxecto Comp.	
Elixir 2 (1)	2ª Ling: Alemán	
	2ª Ling: Francés	
	Cultura Clásica	
	Educ. Dixital	
	Oratoria	
(1) <i>Por orde de preferencia (1,2) Só se cursará unha</i>		

4º ESO (LOMLOE)					
Educación Física Lingua Castelá e Literatura Lingua Galega e Literatura 1ª Lingua: Inglés Xeografía e Historia					
ELIXIR UN ITINERARIO					
Matemáticas B, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía		Latín, Economía		Expresión Artística, Matemáticas A	
Elixir 2 (1)	Tecnoloxía	Elixir 1	Matemáticas A	Elixir 2 (1)	Música
	Dixitalización		Matemáticas B		Música (Bilingüe)
	2ª Ling: Alemán	Elixir 2 (1)	Música	Elixir 2 (1)	Latín
	2ª Ling: Francés		Música (bil.)		Dixitalización
Filosofía	Dixitalización		2ª Ling: Alemán		
Filosofía(Bilingüe)	2ª Ling: Alemán		2ª Ling: Francés		
Oratoria ⁽²⁾	Elixir 2 (1)		2ª Ling: Francés	Elixir 2 (1)	Filosofía
Cultura Clásica ⁽²⁾			Filosofía		Filosofía(Bilingüe)
2ª Ling: Alemán			Filosofía(Bilingüe)		Oratoria ⁽²⁾
2ª Ling: Francés			Oratoria ⁽²⁾		Cultura Clásica ⁽²⁾
Tecnoloxía			Cultura Clásica ⁽²⁾		2ª Ling: Alemán
Economía			2ª Ling: Alemán		2ª Ling: Francés
Latín	2ª Ling: Francés	Tecnoloxía			
Expresión Artist.	Tecnoloxía	Latín	Elixir 1		Relixión Católica
Música	Expresión Artist.	Economía			Proxecto Comp.
Música (Bil.)	Música	Elixir 1	(1) <i>Por orde de preferencia (1,2) Só se cursará unha</i>		
Relixión Católica	Música (Bil.)		(2) <i>se non foi cursada en 3º</i>		
Proxecto Comp.	Relixión Católica		(1) <i>Por orde de preferencia (1,2) Só se cursará unha</i>		
	Proxecto Comp.		(2) <i>se non foi cursada en 3º</i>		

1º BACHARELATO (LOMLOE)

Educación Física Filosofía Lingua Castelá e Literatura I Lingua Galega e Literatura I 1º Lingua Estranxeira: Inglés

CIENCIA E TECNOLOXÍA	
	Matemáticas I
Elixir 2	Bioloxía, Xeoloxía e C. Ambientais
	Debuxo Técnico I
	Física e Química
	Tecnoloxía e Enxeñería I
Elixir 2 (2)	Bioloxía, Xeoloxía e C. Ambientais ⁽¹⁾
	Física e Química ⁽¹⁾
	Anatomía Aplicada
	Antropología
	Cultura Científica
	Tec. da Información e Comunic. I
	2ª Lingua Estranxeira: Alemán ⁽³⁾
2ª Lingua Estranxeira: Francés ⁽³⁾	
2ª Lingua Estranxeira: Portugués ⁽³⁾	
Elixir 1	Relixión Católica
	Alternativa: Disposición do centro
⁽¹⁾ Marcar só se non se elixiu anteriormente	
⁽²⁾ Por orde de preferencia (1,2) <u>Só se cursará unha</u>	
⁽³⁾ Aconsellable nivel B1	

HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Elixir 1	Latín I
	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I
Elixir 2	Economía
	Grego I
	Historia do Mundo Contemporáneo
	Latín I ⁽¹⁾
	Literatura Universal
	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I ⁽¹⁾
Elixir 2 (2)	Antropoloxía
	Lit. Galega do s. XX e Actualidade
	Tec. da Información e Comunic. I
	2ª Lingua Estranxeira: Alemán ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Francés ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Portugués ⁽³⁾
	Economía ⁽¹⁾
	Literatura Universal ⁽¹⁾
	Coro e Técnica Vogal I
	Linguaxe e Práctica Musical
Linguaxe e Practica Musical (Bil.)	
Elixir 1	Relixión Católica
	Alternativa: Disposición do centro
⁽¹⁾ Marcar só se non se elixiu anteriormente	
⁽²⁾ Por orde de preferencia (1,2) <u>Só se cursará unha</u>	
⁽³⁾ Aconsellable nivel B1	

ARTES (Música e Artes Escénicas)	
Elixir 1	Análise Musical I
	Artes Escénicas I
Elixir 2	Análise Musical I ⁽¹⁾
	Artes Escénicas I ⁽¹⁾
	Coro e Técnica Vogal I
	Cultura Audiovisual
	Linguaxe e Práctica Musical
	Linguaxe e Practica Musical (Bil.)
Elixir 2 (2)	Antropoloxía
	Lit. Galega do s. XX e Actualidade
	Tec. da Información e Comunic. I
	2ª Lingua Estranxeira: Alemán ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Francés ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Portugués ⁽³⁾
	Literatura Universal
	Coro e Técnica Vogal I ⁽¹⁾
	Linguaxe e Práctica Musical ⁽¹⁾
	Linguaxe e Practica Musical (Bil.) ⁽¹⁾
Elixir 1	Relixión Católica
	Alternativa: Disposición do centro
⁽¹⁾ Marcar só se non se elixiu anteriormente	
⁽²⁾ Por orde de preferencia (1,2) <u>Só se cursará unha</u>	
⁽³⁾ Aconsellable nivel B1	

Estou interesado/a no StemBach

2º BACHARELATO (LOMLOE)

Filosofía

Lingua Castelá e Literatura II

Lingua Galega e Literatura II

1ª Lingua: Inglés

Historia de España

CIENCIA E TECNOLOXÍA	
Elixir 1	Matemáticas II
	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II ⁽³⁾
Elixir 2	Bioloxía
	Debuxo Técnico II ⁽³⁾
	Física
	Química
	Tecnoloxía e Enxeñería II ⁽³⁾
	Xeoloxía e Ciencias Ambientais
Elixir 2 ⁽¹⁾	Bioloxía
	Física
	Química
	Métodos Estadísticos e Numéricos
	Psicoloxía
	Tec. da Información e Comunic. II ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Alemán ⁽²⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Francés ⁽²⁾
Elixir 1	Relixión Católica
	Alternativa: Disposición do centro

⁽¹⁾ **Por orde de preferencia (1,2) Só se cursará unha**
⁽²⁾ **Aconsellable nivel B1**
⁽³⁾ **Si se elixe, débese cursar a de primeiro de bach se non se fixo anteriormente**

HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Elixir 1	Latín II ⁽⁴⁾
	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II ⁽⁴⁾
Elixir 2	Empresa e Deseño de Modelos de Negocio
	Grego II ⁽⁴⁾
	Historia do Arte
	Xeografía
	Latín II ⁽¹⁾⁽⁴⁾
	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. II ⁽¹⁾⁽⁴⁾
	Métodos Estadísticos e Numéricos
	Psicoloxía
Elixir 2 ⁽²⁾	Tec. da Información e Comunic. II ⁽⁴⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Alemán ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Francés ⁽³⁾
	Coro e Técnica Vogal II ⁽⁴⁾
	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia
	Relixión Católica
	Alternativa: Disposición do centro

⁽¹⁾ **Marcar só se non se elixiu anteriormente**
⁽²⁾ **Por orde de preferencia (1,2) Só se cursará unha**
⁽³⁾ **Aconsellable nivel B1**
⁽⁴⁾ **Si se elixe, débese cursar a de primeiro de bach se non se fixo anteriormente**

ARTES (Música e Artes Escénicas)	
Elixir 1	Análise Musical II ⁽⁴⁾
	Artes Escénicas II ⁽⁴⁾
Elixir 2	Coro e Técnica Vogal II ⁽⁴⁾
	Historia da Música e danza
	Literatura Dramática
	Análise Musical II ⁽¹⁾⁽⁴⁾
	Artes Escénicas II ⁽¹⁾⁽⁴⁾
Elixir 2 ⁽²⁾	Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia
	Historia do Arte
	Psicoloxía
	Tec. da Información e Comunic. II ⁽⁴⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Alemán ⁽³⁾
	2ª Lingua Estranxeira: Francés ⁽³⁾
Coro e Técnica Vogal II ⁽⁴⁾	
Elixir 1	Relixión Católica
	Alternativa: Disposición do centro

⁽¹⁾ **Marcar só se non se elixiu anteriormente**
⁽²⁾ **Por orde de preferencia (1,2) Só se cursará unha**
⁽³⁾ **Aconsellable nivel B1**
⁽⁴⁾ **Si se elixe, débese cursar a de primeiro de bach se non se fixo anteriormente**